

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 28 DE SETEMBRO DE 2015.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA

Secretaria Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora Accidental:


D^a. MARÍA DEL CARMEN MÉIJOME ALVAREZ.

1.- APROBACIÓN SI PROCEDE DAS ACTAS DAS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL NÚMS. 38, 39 E 40 DE DATAS 14, 16 E 18 DE SETEMBRO DE 2015.

Acordouse aprobar as actas núm. 38/2015, 39/2015 e 40/2015, de 14 de setembro de 2015, 16 de setembro de 2015 e 18 de setembro de 2015 e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.- LICENZAS DE OBRAS.

2.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para a adecuación de edificación existente para uso como Residencia de Anciáns na rúa D, 17, Lalín. e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal en concepto de Imposto sobre



Secretaría Xeral
Construcións, Instalacións e Obras por importe de 1.459,20 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

2.2.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA para obras de restauración de cuberta dun local sito en Estivelle, s/n, Donsión, Lalín**, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 95,70 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

2.3.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA para a mellora da accesibilidade no citado edificio de vivendas, sito na rúa Maruja Gutiérrez, 7, Lalín**, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 26,25 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

2.4.- PROPOSTA DE ACORDO EXPTE. Nº 7819/15

Acordouse desestimar as alegacións presentadas por interesada e **CONCEDER LICENZA DE OBRA para acondicionamento de corte de porcino, sita na parcela con referencia catastral 8223717NH7382S0001YR, en Lamas, Cadrón, Lalín**, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 3 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

3.- COMUNICACIÓN PREVIAS DE OBRAS.

3.1.- Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para a reposición de muro con pedra do mesmo material en Trascastro, 24, Donramiro, Lalín**, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal por importe de de 22,50 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

3.2.- Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para a conservación e mantemento de fachada no edificio sito na rúa Ramón Aller, 1, Lalín**, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal por importe de de 56,90 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe. Asemade consta no expediente o depósito na Tesourería Municipal en concepto de fianza por importe de 3.300 euros.



4.- INFORME PREVIO.

4.1.- PROPOSTA DE ACORDO EXPTE. Nº 7943/15

Acordouse aprobar o informe do técnico municipal, de data 10/09/15, en relación á **comunicación previa de obras a para reparación de tellado de cuberto en Borralla, 6, Prado, Lalín**, e remitir o expediente completo ao Comité Asesor do Camiño de Santiago da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para os efectos dispostos no artigo 16 da Lei 3/1996, de 10 de maio, de protección dos tramos dos Camiños de Santiago da Comunidade Autónoma de Galicia.

5.- EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE.

5.1.- INFORME XURÍDICO RELATIVO Á RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE (exp. 15/01/U).

Acordouse requirir a interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa para a legalización dos feitos obxecto deste procedemento (realización de obras na Rúa do Regueiriño núm. 12), coas citadas advertencias recollidas no artigo 209.5 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

6.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.

6.1.- Acordouse aprobar a certificación de obra núm. 9 da obra “REHABILITACIÓN DA ANTIGA CASA DO CONCELLO DE LALÍN” presentada pola entidade **CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS S.L.**, cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de **11.825,52 €**.

7.- FACTURAS E CONTAS.

Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente, tendo en conta o informe da Interventora Municipal de data 28 de setembro de 2015, acordouse aprobar e declarar de abono facturas por importe total de **27.594,40 euros**.



8.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELEIROS DELEGADOS.

8.1.- Acordouse iniciar expediente para a resolución do contrato administrativo adjudicado pola Xunta de Goberno Local o día 19 de xaneiro de 2015, e que tiña por obxecto *a realización do Servizo de Mantemento do Campo de Fútbol Manuel Ángel Cortizo*, e concederlle ao contratista un prazo de audiencia de 10 días, a contar desde o seguinte ao da notificación do presente acordo, durante o cal poderá alegar o que estime oportuno en defensa dos seus intereses.

8.2.- Acordouse seguir co programa de prácticas exteriores dos alumnos da Facultade de Xeografía, Historia e Historia da Arte de Santiago, como se viña facendo en anos atrás, e autorizar a D^a. Teresa Varela Fisteus, Concelleira de Cultura en representación do Concello de Lalín, para a sinatura do devandito convenio e asinado tamén polo Rector da Universidade.

8.3.- Acordouse aprobar a *“Memoria de Acondicionamento do Espazo Libre Público no lugar de Vista Alegre, parroquia de Soutolongo”*, redactada polo arquitecto técnico municipal D. Antonio Bernárdez Nogueira, e a posterior remisión ó organismo de estradas autonómico para obter a autorización previa.


9.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

9.1.- Dáse conta o escrito remitido pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria-Secretaría Xeral de Cultura-Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 17 de setembro de 2015, número de rexistro de entrada 6293**, co que achegan resolución pola que se autoriza a un arqueólogo para a realización dun proxecto de intervención arqueolóxica no Altar do Sol ou Mámoa 5 da Cruz GA36024075 (Lalín-Pontevedra).

9.2.- Acordouse participar na Edición de 2015 Culturalgal, Feira das Industrias Culturais que terá lugar no Pazo de Congresos e Exposicións de Pontevedra do 4 ó 6 de decembro.

9.3.- Acordouse autprozar á Escudería Lalín-Dezao uso da Sala de Prensa do Concello de Lalín para a rolda de prensa que se celebrará o vindeiro día 15 de outubro de 2015 ás 12:00 horas, con motivo la celebración do IIº Rally de Regularidade Comarca do Deza, o día 17 de outubro de 2015.





Lalínmcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

9.4.- Acordouse autprozar ao **I.E.S. Ramón María Aller Ulloa** o uso dunha sala do Auditorio Municipal para o venres día 13 de novembro de 2015, a partir das 16:30 horas ata as 23:30 horas aproximadamente, para celebrar un desfile de modelos co fin de recadar cartos para a viaxe de fin de curso do alumnado do IES Ramón Aller Ulloa.

=====

